



-BANDO-

RECOMENDACIÓNS FOGUEIRAS DE SAN XOAN

- 1.- As fogueiras non deben superar os 3 metros de alto e estar separadas un mínimo de 25 metros das vivendas, galpóns ou construcións. Deben ter un perímetro de seguridade igual ou superior o seu diámetro libre de vexetación ou outros elementos que poidan propagar o lume.
- 2.- Non deben existir nas proximidades ningún cable que poida resultar afectado e @s organizador@s deben ter medios de control e extinción da fogueira proporcionados as súas dimensións.
- 3.- En caso da existencia de vento **NON** podemos prender a fogueira e, en caso de tela xa prendida, debemos apagala. Non debemos abandonar a fogueira ata a súa total extinción.
- 4.- Non empregar materiais combustibles que ardan con facilidade ou que na súa composición teñan produtos químicos que poidan emitir gases e fume tóxicos que contaminen o aire como madeiras pintadas, lacadas ou barnizadas, neumáticos, plásticos, aceites, grasas, colchóns, sofás ou cadeiras. Tampouco se deben tirar ó lume botes, sprays ou latas xa que poden estourar.
- 5.- Tampouco empregar produtos acelerantes da combustión como gasolinas, alcohol, disolventes ou similares xa que son incontrolables e poden causar queimaduras.
- 6.- Así mesmo queda prohibido o emprego de madeira de obra tipo palets ou mesmo mobiliario que poida conter cravos, grapas ou/e materiais sintéticos. Tampouco tirar ó lume materiais lixeiros coma papeis, cartóns ou teas que poden elevarse ardendo e propagar o lume a outros lugares ou mesmo provocar queimaduras.
- 7.- Está prevista a pleamar ás 09:35 horas polo que compre ter en conta esta predicción. Deixar o lixo recollido e as pertenzas lexos da liña de marea.
- 8.- Os areais deben estar despexados de xente a partir das 6:00 horas da mañá.
- 9.- En caso de calquer incidente, poñerse en contacto co Servizo Municipal de Protección Civil no telefono **986 30 55 30** ou a través do **112**.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE